



Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-AA deste concello, ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91.4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta a seguinte **MOCIÓN** a respecto da legalidade urbanística municipal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Corre entre a veciñanza a idea de que a legalidade urbanística está ameazada no noso concello. Son numerosas as denuncias e comentarios que chegan a este Grupo Municipal preocupándose por actuacións potencialmente contrarias a un urbanismo correcto e legal.

Hoxe é unha beirarrúa privada que ocupa parte do espazo municipal. Mañá, cementadas realizadas sen os correspondentes permisos municipais. Poden ser portóns ou accesos tal vez ilegais por exceder os metros autorizados nos permisos concedidos a aquela vivenda e que invaden o camiño ou vía de comunicación.

Tamén hai casos de licenzas cuxa concesión ten que ser retirada unha vez algún particular denuncia, alertando ao servizo de urbanismo dunha incorrección non detectada previamente.

E sobran os casos de obras que non amosan o pertinente cartel especificando a información legal obrigatoria, dificultando a posibilidade de control sobre as mesmas.

Durante moitos anos esta área contou con un arquitecto técnico, contratado a tempo parcial e de xeito posibelmente alegal, e un segundo profesional de igual categoría incorporado para un traballo ou obra específica. Rexeitado o arquitecto técnico contratado a tempo parcial, non se contratou a ninguén para ocupar tal posto.

Esta situación non é nova, senón que se vén repetindo desde hai demasiados anos. Xa en 2008 o BNG presentara unha moción para que se contratase un arquitecto a tempo total en dedicación exclusiva, que tería un dobre efecto sobre a xestión municipal do urbanismo. Por un lado axilizar e controlar adecuadamente as licenzas urbanísticas e por outro poder elaborar e dirixir os proxectos municipais sen custo adicional.

Tamén en xaneiro de 2016 debateu o Pleno unha moción do Grupo Socialista que propoñía “a contratación dun Arquitecto Superior para que os servizos técnicos municipais presten asesoramento cualificado á Corporación Municipal, vele polo cumprimento do Plan Xeral, controle as licencias urbanísticas e disciplina urbanística”. A resposta do goberno foi afirmar “que dende que chegamos a nosa intención é a de contratar un arquitecto, ... que é importante e que ademais estea a xornada completa para disposición dos veciños.”

A pesares de ser aprobada cos votos do BNG, o PSOE e NP e de figurar tanto nos orzamentos de 2016 como nos de 2018 unha praza de Técnico/a de urbanismo a incorporación non se levou a cabo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal da Pobra do Caramiñal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Cubrir de xeito inmediato a praza de Arquitecto Superior aprobada en xaneiro de 2016.
2. Asignar ao servizo de urbanismo os recursos necesarios para restaurar e manter a legalidade urbanística.
3. Arbitrar procedementos de control que vixien o cumprimento da normativa urbanística.

A Pobra do Caramiñal, 11 de outubro de 2018

Ramiro Ouviaña Ouviaña

Concelleiro e Portavoz do G.M. do BNG-AA